

*“Esmagado, mudo,
recreo frases á medida dos meus berros”*

MAIAKOVSKI

Para min a poesía é a auga que rega a miña actitude vital, unha fonte cristalina que brota dentro para saciar a sede das entrañas. Sae cando quere e anda por todas partes dando de beber aos anacos do corpo e da alma que se arrastran polo chan da rutina.

A poesía nunca escorre o vulto, enfróntase á realidade a través das palabras, a única forma de resgardar os soños da materia que me rodea. Ás veces, o xeito de comunicarme é tan intenso que a linguaxe se sente intimidada por unha emoción rebordante, parte do inconsciente que me habita.

Quizais, por esa razón, o pensamento quere liberarse das reixas “das palabras do principio” que configuran o tempo.

Se non aceptase con naturalidade que unha expresión individual comporta sempre o risco do illamento, correría o perigo de fundirme sen loitar na falacia dun confortábel pragmatismo colectivo, menoscabando os principios éticos que guían os meus pasos.

Mais se persisto en navegar as augas purificadores da poesía, non naufragarei no areal da propaganda. Podo asegurar que o sentimento que vos quero transmitir, emancipado do afán cotián que nos quere soterrar no desencanto, é un facho de luz para resucitar a esperanza.